



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FERROL E O CLUB RUGBY FERROL SUBVENCIÓN NOMINATIVA ORZAMENTO 2024.**

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Ricardo Aldrey Rey con DNI \*\*\*5788\*\*, Concelleiro Delegado Especial de Deportes do Concello de Ferrol, con CIF P1503700E.

E de outra, Don Cristóbal Dobarro Gómez, con DNI \*\*\*8306\*\*, Presidente do CLUB RUGBY FERROL, con CIF G70176227.

Da fe do acto dona Paula María Vázquez Carrasco, a Oficial Maior como titular do órgano de apoio á XGL

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estánlles atribuídas.

### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente do Concello de Ferrol e da entidade de apoiar e promocionar o deporte do rugby a través da participación do seu equipo senior na Liga Autonómica Galega, LGR1. Tempada 2023-2024, ambas as dúas partes,

### **ACORDAN**

Formalizar este convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre o Concello de Ferrol e o CLUB RUGBY FERROL para o financiamento da participación do seu equipo senior na Liga Autonómica Galega, LGR1. Tempada 2023-2024, tal e como se describe no proxecto e no calendario de actividades presentados polo beneficiario.

#### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

De acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os gastos subvencionables serán aqueles que, sen ningunha dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada, sexan estritamente necesarios, se realicen no prazo de execución que se estableza e sexan efectivamente pagados dentro do período de xustificación.

No caso de que o importe dalgún dos gastos subvencionables supere a contía que se estableza na normativa de contratación pública vixente para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dese gasto se acredite que non exista no mercado suficiente número de entidades ou que o gasto se tivese realizado con anterioridade á concesión da subvención.

**Só serán subvencionables os gastos correntes** que se detallen no orzamento incluído no proxecto admitido polo órgano xestor. Dependendo da natureza do proxecto a desenvolver, estes gastos correntes poderán consistir en:

- a) Gastos de persoal, que incluírán as retribucións salariais e os gastos de Seguridade Social a cargo do beneficiario.
- b) Subministracións tales como electricidade, combustibles de calefacción e de vehículos, auga, material funxible de oficina, teléfono, internet, produtos de limpeza e desinfección (por exemplo, xel hidroalcohólico e outros similares).
- c) Seguros de responsabilidade civil e/ou de accidentes.
- d) Gastos de reparacións, mantemento e conservación dos bens utilizados.
- e) Gastos de adquisición doutros servizos necesarios para o proxecto, por exemplo, servizos de asesoría contable, laboral e/ou administrativa (incluídos os necesarios para a axeitada tramitación da subvención), servizos de publicidade e comunicación, propaganda, reprografía e organización de reunións e eventos.
- f) Aluguer de locais e/ou de construcións provisionais (por exemplo, casetas), de equipos de imaxe e son, e, en xeral, de equipamentos que sexan estritamente necesarios para o proxecto e só durante o seu período de execución.
- g) Os honorarios de persoas físicas que interveñan como relatoras, conferenciantes, profesores, participantes, árbitros ou monitores nas actuacións do proxecto subvencionado, debendo realizar o beneficiario as retencións de IRPF que, no seu caso, resulten procedentes.
- h) Os tributos serán gasto subvencionable sempre que o beneficiario os aboase efectivamente. O IVE será subvencionable cando o beneficiario o aboase e non o deducise posteriormente
- i) Os gastos financeiros derivados da realización de operacións para o pago dos gastos subvencionables, tales como comisións por transferencias, por emisión de cheques nominativos, por adeudos en conta ou similares.
- j) Os custos indirectos poderán imputarse polo beneficiario na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que correspondan ao período de realización do proxecto, tendo como límite máximo o 5% do importe da subvención. Nese caso, na memoria xustificativa deberá explicarse detalladamente o criterio de imputación e o tipo de gasto ao que se refiren.
- k) Cando no proxecto aprobado se inclúa a organización de certames ou concursos de calquera tipo, probas ou competicións deportivas, os premios que se outorguen aos gañadores serán gasto subvencionable, sempre que sexan acordados ao disposto nas bases que regulen esas convocatorias de certames, concursos, probas e competicións, e se achegue unha acta do xurado do certame ou concurso, ou a acreditación adecuada dos resultados das probas e competicións deportivas.
- l) Calquera outro gasto corrente especificado no orzamento que se inclúa no proxecto admitido e aprobado na resolución de concesión -convenio- e aqueles que polas súas características sexan propios da finalidade da subvención (por exemplo, os de tipo deportivo referentes a desprazamento dos equipos para participar en competicións, gastos de mutualidades, federacións, entre outros), sempre que correspondan á execución do proxecto aprobado. A estes efectos, xunto coa conta xustificativa a presentar coa xustificación da subvención, presentarase unha declaración responsable de que os gastos incluídos na relación que se achegue se afectaron exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención.

**En ningún caso serán gastos subvencionables:**

- Os intereses debedores de contas bancarias.
- Os intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

- Os gastos realizados fóra do prazo de execución do proxecto nin aqueles gastos que se paguen unha vez finalizado o prazo de xustificación.
- Os gastos suntuarios (artigos de luxo) nin os derivados de celebracións gastronómicas ou atencións protocolarias salvo que sexan estritamente necesarios e así se relacionen expresamente no proxecto presentado e aprobado polo Concello.
- Indemnizacións por despedimentos.

En virtude do acordo plenario de data 26/04/2018, o Concello de Ferrol non colaborará economicamente nin con recursos humanos ou materiais con ningún evento deportivo, con carácter federado ou non federado, que entregue premios distintos en función do xénero polo mesmo posto e mesma categoría.

De acordo co artigo 24.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP N.º 200, de 21/10/2019) poderase admitir como documento xustificativo da realización do gasto documentos denominados “recibís” nos seguintes supostos e coas seguintes condicións:

- Abono de ponencias ou conferencias.

Esixirá a certificación por parte da entidade beneficiada de que a persoa contratada para a dita ponencia ou conferencia carece da condición de empresario ou profesional en relación a dita actividade como conferenciante, polo que non existe a obriga de expedir factura, así como a declaración deste no mesmo senso, e deberá incluír as retencións ou ingresos a conta tributarios que procedan no seu caso.

- Abono de premios.

Esixirá a acreditación por parte da entidade beneficiaria da correspondente convocatoria de premio, expresiva dos criterios para o seu outorgamento, e do órgano ou persoas responsables de dito outorgamento, así como orixinal ou copia compulsada da acta na que se reflicte o fallo ou resultado de dito premio, na que se conteña a identidade dos premiados (nome/razón social, DNI/CIF...) e o importe que corresponde a cada un deles. O “recibí” deberá conter as retencións ou ingresos a conta tributarios que procedan no seu caso.

- Indemnización de gastos de transporte, aloxamento e/ou axudas de custo.

Esixirá unha memoria xustificativa da necesidade e imprescindibilidade de dito traslado, en relación ao obxecto da subvención, comprensiva do traxecto e kilómetros obxecto de compensación, desagregado por días de realización do servizo de que se trate, identificación do vehículo ou medio de transporte empregado no seu caso e xustificación da improcedencia de empregar medios de transporte conxuntos.

Dende o punto de vista subxectivo deberá achegarse un certificado da entidade beneficiada acreditativo de que non procede a formalización de un contrato laboral entre dita entidade e a persoa que recibe dita indemnización.

En todo caso o importe subvencionable non poderá superar as contías establecidas no REAL DECRETO 462/2002 do 4 de maio, e a Orde HFP/792/2023, de 12 de xullo. Para o caso de axudas de custo e/ou aloxamento deberá achegarse na xustificación a acreditación do seu aboamento efectivo.

O documento do recoñecemento por parte da persoa ou persoas afectadas da indemnización por gastos recibidas presentarase en formato orixinal ou no seu defecto copia compulsada e reflicirá o recoñecemento (“recibí”) da dita persoa das cantidades e conceptos ás que corresponde

### **TERCEIRA.- ACHEGA MUNICIPAL**

1. O Concello contribúe ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira cunha achega de **40.000 €**.

Tendo en conta a contía da subvención e de conformidade co artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e o artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, realizaranse pagos anticipados (entrega de fondos de carácter previo á xustificación) de conformidade co seguinte:

**20.000 €** á sinatura do convenio (50%)

**20.000 €** unha vez que a entidade xustifique o importe total da subvención (50%).

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe concedido, a cantidade que aboará o Concello de Ferrol reducirase proporcionalmente.

Agora ben, se a cantidade correctamente xustificada non acadase o 50% do importe concedido, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade algunha.

3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á reserva de crédito feita na aplicación orzamentaria. 05004-3411-48000 do orzamento 2024.

4. A axuda concedida polo Concello de Ferrol ten o carácter de máxima e non ampliable, polo que calquera incremento que poidan experimentar os gastos inicialmente previstos correrán por conta do beneficiario deste convenio de xeito exclusivo. O anterior entenderase sen perxuízo de que o beneficiario da subvención poida solicitar a colaboración (valos, contenedores, electricidade, ...) daqueles servizos municipais que sexan imprescindibles para a realización da actividade subvencionada sempre e cando a dita colaboración non afecte ao normal funcionamento destes.

5. A subvención do Concello de Ferrol é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o custo total da actividade subvencionada.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do custo da actividade, minorarase a achega municipal no importe excedido.

### **CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. De acordo co artigo 29.1 e 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, queda prohibida a subcontratación, total ou parcial, da actividade subvencionada.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CLUB RUGBY FERROL, nin con calquera na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións (subministros ou servizos) iguala ou supera os 15.000 € sen iva, con carácter previo á contratación, o beneficiario deberá solicitar alomenos 3 orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. Se o beneficiario tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas ou entidades para realizar as actividades obxecto deste Convenio, deberá observar estrictamente as obrigas que aos empresarios ou empregadores impoña a lexislación vixente en materia de Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no Traballo.

#### **QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.**

Na publicidade que o beneficiario faga sobre as actividades obxecto da subvención (por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais, internet, web...), así como no material empregado nas mesmas e adquirido coa subvención (equipacións, cartelerías, gastos de representación e trofeos) deberá acreditarse graficamente o cumprimento das obrigas en materia de publicidade e figurar en lugar destacado o anagrama do Concello de Ferrol.

A cartelería empregada pola entidade beneficiaria para o obxecto da subvención deberá levar o anagrama do Concello de Ferrol e deberá enviarse ao Negociado de Deportes para a súa revisión e conformidade antes da súa difusión.

No caso de que o beneficiario recibise subvencións de distintas entidades públicas ou privadas, a publicidade que se lle dea ao financiamento municipal deberá ser, polo menos, análoga á empregada coas demais subvencións.

Coa documentación xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga co Concello de Ferrol.

#### **SEXTA.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.**

A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola Secretaría co visto e praxe da Presidencia ou persoa na que delegue. No caso de certificación acreditativa dos gastos realizados ás sinaturas anteriores xuntarase á da Tesouraría da entidade.
- No caso das declaracións e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

#### **A documentación que se ten que presentar é a seguinte:**

A entidade subvencionada para acreditar a execución do programa deberá presentar, no Rexistro Xeral do Concello e no prazo establecido a "*conta xustificativa simplificada*" que constará da seguinte documentación:

- (NO CASO DE QUE EXISTA) Acreditación da delegación da Presidencia na que se especifique o alcance da dita delegación (sinatura do Convenio, sinatura da documentación necesaria para a tramitación da subvención...). A dita acreditación realizarase mediante acordo da Xunta Directiva, poder notarial ou calquera medio válido de acreditación en dereito.
- **Instancia de presentación da xustificación**
- **Memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas durante o período

obxecto da subvención, debendo conter actividades ou programas realizadas con expresión do calendario e lugar de execución, resultados obtidos, número de persoas destinatarias. Deberá conter ademais:

-Número de beneficiarios.

-Estimación do impacto económico, social e de xénero da actividade subvencionada.

-No suposto de que a actividade subvencionada corresponda a unha competición:

-Número de deportistas beneficiarios.

-Número de competicións nas que participou.

-Número de deportes promocionados.

-% de beneficiarios participantes en competicións internacionais.

-% de beneficiarios participantes en competicións nacionais.

-% de beneficiarios participantes en competicións galegas.

-% de beneficiarios participantes en competicións provinciais.

-% de beneficiarios de actividade non federada.

-% de incremento de beneficiarios por deporte respecto ao ano anterior.

-Méritos deportivos acadados polos beneficiarios.

- **Documentación gráfica** acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de publicidade do financiamento do Concello de Ferrol segundo o establecido na cláusula quinta deste convenio.
- Unha **relación clasificada e numerada dos gastos** da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.

Se o importe do gasto subvencionable supera a contía de 15.000 € no suposto de contratación de subministros ou servizos, a entidade beneficiaria deberá manifestar que se cumpriron as condicións expresadas na cláusula cuarta do Convenio.

- **Detalle doutros ingresos ou subvencións** que tiveran financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.
- **Estado de gastos e ingresos da actividade subvencionada.** Orzamento das actividades obxecto da subvención (balance).
- **Declaración responsable** de que os gastos incluídos na relación que se aporta afectáronse exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención e do proxecto executado (**Anexo II**).

A documentación que se presente deberá ser **orixinal** consonte aos requisitos previstos nos apartados c) e d) do artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Presentación de facturas e xustificantes de pagamento das mesmas**

Unha vez presentada a documentación xustificativa anterior, o órgano concedente comprobará os xustificantes que permitan obter evidencia razoable sobre a axeitada aplicación da subvención, para o que **requerirá á entidade** beneficiaria a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.

Se requirirán facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei Xeral de subvencións e o seu Regulamento) .

O órgano xestor poderá comprobar, no seu caso, a través da remisión de como máximo un 10 % da totalidade dos gastos, os xustificantes que estime oportunos para o que poderá requirir ao beneficiario a remisión dos mesmos.

**Os gastos de transporte, aloxamento ou axudas de custo** deberán acompañarse dos calendarios de competicións correspondentes.

Previa a oportuna xustificación admitirase o **pago en efectivo**, sempre que a factura ou documento probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa tendo en conta que non se admitirá a realización de pagos en efectivo, para importes iguais ou superiores a 1.000 €. Na factura ou documento equivalente deberá constar cuño do establecemento ou recibín asinado pola persoa que recibe os fondos con indicación do seu nome e DNI. En todo caso, xustificárase a elección deste medio de pago.

#### **SÉTIMA.- PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO.**

A xustificación deberá ser presentada **no prazo límite do 30/11/2024, sen que sexa posible a ampliación do seu prazo.**

1.-No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de dez días hábiles. Poderase, excepcionalmente e previa xustificación, presentar novos documentos dentro do prazo concedido a tal fin, sen que isto signifique a posibilidade de realizar e ou presentar documentos de gasto e/ou de pago con data posterior á data máxima de xustificación establecida neste Convenio. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

2.-De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

En todo caso, os documentos de gasto e/ou de pago que se presenten neste prazo excepcional deberán estar emitidos dentro do período máximo de xustificación establecido no Convenio.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións lle correspondan previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención adxudicada co límite de 450 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación
- Atraso na presentación da xustificación superior a un mes ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención adxudicada co límite de 800 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

- Atraso na presentación da xustificación superior a tres meses: sanción do 40% do importe da subvención adxudicada co límite de 900 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

A tramitación do expediente de pago da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción.

#### **OITAVA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN**

Se se producise unha alteración significativa das condicións tidas en conta na resolución de concesión e a consecuencia diso non puideran desenvolverse as actuacións da forma prevista nos proxectos aprobados, os/as beneficiarios/as deben comunicalo ao Concello, por escrito en canto teñan coñecemento, e sempre antes de que finalice o prazo de execución das actuacións.

O órgano xestor valorará a incidencia desa alteración sobre as condicións que se analizaron ao admitir o proxecto e emitirá un informe-proposta ao órgano competente (Xunta de Goberno Local) para que este adopte o acordo de aceptación ou non da modificación proposta.

Admitirase, sen que sexa precisa solicitude de modificación, a compensación de partidas de gastos con outros de distinta natureza previstos no proxecto aprobado, sempre que as variacións/compensacións totais non superen o 10 % do importe total da subvención.

#### **NOVENA.- REINTEGRO DAS CANTIDADES CONCEDIDAS.**

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O dito procedemento realizarase de conformidade co disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e nos art. 91 e seguintes do RD 887/2006.

#### **DECIMA .- CONTROL FINANCIERO.**

O control financeiro realizarase pola intervención municipal consonte o previsto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA .- AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS.**

O beneficiario obrígase a obter, no suposto de ser necesario e con carácter previo, as autorizacións administrativas que fosen necesarias (incluída a municipal) para a realización da actividade obxecto do convenio.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2025.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente Convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

### **DÉCIMO CUARTA.- USO DA LINGUA GALEGA E DUNHA LINGUAXE NON DISCRIMINATORIA.**

As comunicacións co Concello de Ferrol, así como as difusións relativas ao obxecto deste convenio deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística. Igualmente, empregárase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínse do xénero feminino.

En proba de conformidade, asinamos este convenio por duplicado exemplar, en Ferrol, o

Polo Concello de Ferrol na data da sinatura dixital

Polo CONCELLO DE FERROL

Polo CLUB RUGBY FERROL

O concelleiro delegado especial de

O Presidente

Cristóbal Dobarro Gómez

Deportes (órgano competente para resolver

en virtude de acordo da XGL de data

11/12/2023 – BOP núm. 241 de

20/12/2023)

D. Ricardo Aldrey Rey

A oficial maior como titular do órgano de apoio á XGL

Informado favorablemente. O xefe do Servizo